

os establecementos participantes a través de visitas aos mesmos, o incumprimento dese requisito suporá a descualificación dese establecemento.

A cada participante entregaráselle un cartel no que aparecerá o nome do establecemento e o nome da tapa coa que concursa, unha urna e tarxetas para que os clientes poidan emitir o seu voto, así como o plano da ruta do tapeo, que colocarán en lugar visible.

#### ENTREGA DE URNAS E RECONTO DE

**VOTOS:** A data límite para a entrega de urnas serán as 11:00 horas do luns 26 de setembro, na concellería de cultura e turismo do concello de Lugo (situada na praza Maior, nº 1). Non se recollerá ningunha urna fora deste horario, os establecementos que non a entreguen no lugar e hora indicado quedarán descalificados.

Do recuento de votos depositados nas urnas saíran os premios de votación popular: a tapa creativa San Froilán e a tapa tradicional San Froilán e os 30 establecementos que pasarán á semifinal.

**SELECCIÓN DE FINALISTAS:** Os días 28 e 29 de setembro.

Os integrantes do xurado de finalistas encargaranse de seleccionar as 8 tapas que pasarán á final. Durante estes dous días os 20 establecementos semifinalistas no concurso presentarán as súas tapas que serán degustadas polo xurado nomeado polo Concello de Lugo:

- Mércores 28 de setembro: o xurado de finalistas votará as tapas da modalidade creativa dos 10 establecementos participantes nesta categoría e seleccionará a 4 finalistas.

- Xoves 29 de setembro: o xurado de finalistas votará as tapas da modalidade

tradicional dos 10 establecementos participantes nesta categoría e seleccionará a 4 finalistas.

#### SELECCIÓN DE GAÑADORES E FINAL

**DO CONCURSO:** día 30 de setembro, o xurado de expertos percorrerá os 8 establecementos finalistas para elixir os 6 gañadores:

- 1º premio de tapa creativa
- 2º premio de tapa creativa
- 1º premio de tapa tradicional
- 2º premio de tapa tradicional
- Premio á tapa que mellor maride co viño da D.O Ribeira Sacra ou que mellor use ese viño como ingrediente.
- Premio á tapa que mellor use o Xamón como ingrediente principal.

Avisarase oportunamente a cada establecemento, para que teñan a tapa preparada e poidan recibir ao xurado na hora e data indicada. O percorrido farase pola mañá.

**ENTREGA DOS PREMIOS:** Aos gañadores obsequiaráselles cunha placa e insercións de publicidade, a entrega dos premios realizarase en outubro, coincidindo coas festas de San Froilán (comunicarase a data e o lugar oportunamente).

Tamén se procederá á realización dos sorteos dos agasallos aos que opta o público participante.

**SEGUNDO:** Establecer que as cuotas obtidas polas inscricións ó concurso se destinen o premio dunha viaxe, de tipo enolóxico, para dúas persoas.

Deáselle traslado da presente Resolución ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

Lugo, 10 de agosto de 2011

# 7<sup>o</sup> Concurso de TAPAS de Lugo

do 9 ao 25 de setembro de 2011



Concello de Lugo  
Concellería de Cultura, Turismo  
e Promoción da Lingua

Colaboran:



## O Concello de Lugo convoca o 7º Concurso de TAPAS de Lugo

Como en anos anteriores e dende a área de cultura e turismo convócase o concurso de tapas en Lugo.

Nos anteriores exercicios a organización deste programa contratouse a empresas este ano vaise realizar toda a xestión dende este departamento que xa iniciou as xestións cos patrocinadores de diversos premios e redacción de bases que rexirán o concurso.

Este ano os importes das inscricións o Concello destinarao a un premio consistente nunha viaxe de tipo enolóxico para dúas persoas.

A funcionaria que subscribe tendo en conta o disposto no artigo 21 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local e das delegacións da Alcaldía segundo o seu decreto 60/2011, propón a seguinte

**Resolución:**

**PRIMEIRO:** A aprobación da celebración do VII Concurso de Tapas de Lugo que se rexirá coas seguintes bases:

**PARTICIPANTES:**

Poderán participar os establecementos de hostalería do ámbito municipal de Lugo, mediante rigurosa orde de inscrición e solicitude da modalidade de participación, entre o **17 ó 24 de agosto**, e xustificante de pago da cantidade de **30 €** en concepto de inscrición. A solicitude de participación poderá facerse a través do fax **982 297 106**

O ingreso deberá facerse na conta bancaria **2091 0152 26 3110001292**

**MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN:**

Cada establecemento deberá elaborar unha tapa podendo ser creativa ou tradicional. Unicamente se poderá concursar nunha modalidade de tapa creativa ou tradicional, como máximo haberá 20 participantes en cada unha destas modalidades. Haberá un total de 40 participantes no concurso.

Como novidade este ano, e coincidindo co Congreso Mundial do Xamón nos días 21, 22 e 23 de Setembro, introdúcese unha nova modalidade de tapa, que teña como ingrediente principal o xamón. Nesta

modalidade poderán participar todos os establecementos participantes.

Asimismo mantense o premio á tapa que mellor maride co viño da D.O. Ribeira Sacra ou que mellor use ese viño como ingrediente, esta modalidade tamén é optativa a todos os participantes.

As tapas serán elaboradas con produtos de calidade da nosa terra podendo tratarse de maneira tradicional ou ofrecendo unha cociña de novas tendencias sempre mantendo as materias primas da nosa gastronomía.

**PREMIOS:**

Establécense 8 premios en total:

**PREMIOS DE VOTACIÓN POPULAR:**

- TAPA CREATIVA SAN FROILÁN
- TAPA TRADICIONAL SAN FROILÁN

Decidiraos o público que visite o establecemento. Votará vía internet accedendo á páxina web [www.lugoturismo.com](http://www.lugoturismo.com) ou a través dos cupóns que se introducirán nas urnas situadas nos establecementos participantes. Unicamente se admitirá un voto por persoa para cada establecemento, non se admitirán tarxetas de votación sen o DNI. Entre todos os cupóns depositados nas urnas e votos recibidos por Internet sortearase un xamón co seu correspondente xamoneiro e 3 lotes de viño da D. O. Ribeira Sacra.

Os consumidores das tapas atoparán nos establecementos o plano da ruta do tapeo, no reverso do plano aparecerá un recadro por cada establecemento participante. O cliente que consiga polo menos 12 recadros selados dos diferentes establecementos poderá participar no sorteo dunha viaxe de tipo enolóxica para dúas persoas e valorada en 1200 euros, dez entradas para o Club Termal do Gran Hotel de Lugo, catro estancias de fin de semana no Hotel Husa Puerta de San Pedro e unha estancia para dúas persoa nun aloxamento rural.

O plano da ruta do tapeo debidamente selado (mín. 12 selos), depositarase nas urnas de calquera dos establecementos participantes. Entre os planos admitidos a concurso (mín. 12 selos) sortearanse os premios de votación popular.

Ademais da tapa creativa San Froilán e da tapa tradicional San Froilán, o público decidirá cos seus votos os 20 establecementos semifinalistas que optarán a conseguir os premios de votación polo xurado.

O sistema do recuento dos votos emitidos polo público (internet e cupóns depositados nas urnas), farase mediante a suma de todos os puntos obtidos polo establecemento, (admitíndose só un voto por cada tapa, é dicir, un único voto por cliente e tapa), e polo número de votos obtidos por internet (admitíndose só un voto por persoa), e dividirase polo número de papeletas válidas depositadas na urna.

**PREMIOS DE VOTACIÓN POLO XURADO:**

- 1º PREMIO DE TAPA CREATIVA
- 2º PREMIO DE TAPA CREATIVA
- 1º PREMIO DE TAPA TRADICIONAL
- 2º PREMIO DE TAPA TRADICIONAL
- PREMIO Á TAPA QUE MELLOR MARIDE CO VIÑO DA D. O. RIBEIRA SACRA OU QUE MELLOR USE ESE VIÑO COMO INGREDIENTE.
- PREMIO Á TAPA QUE MELLOR USE O XAMÓN COMO INGREDIENTE PRINCIPAL.

Un xurado designado pola organización e o Concello de Lugo degustará a tapa participante e emitirá o seu voto para cada unha. O xurado valorará de 0 a 7 puntos o seguinte: presentación, elaboración, sabor e relación calidade-prezo.

Os 6 premios de votación polo xurado decidiranse do seguinte xeito:

**XURADO DE FINALISTAS:** Levará a cabo a selección dos 8 finalistas os días **28 e 29** de setembro.

Os integrantes do xurado de finalistas encargaranse de seleccionar as 8 tapas que pasarán á final. Durante estes dous días os 20 establecementos semifinalistas no concurso presentarán as súas tapas no Gran Hotel de Lugo, e serán degustadas polo xurado nomeado polo Concello de Lugo.

- **Mércores 28 de setembro:** o xurado de finalistas votará as tapas da modalidade creativa, dos 10 establecementos participantes nesta categoría e seleccionará a 4 finalistas.

- **Xoves 29 de setembro:** o xurado de finalistas votará as tapas da modalidade tradicional, dos 10 establecementos participantes nesta categoría e seleccionará a 4 finalistas.

Esixirase aos participantes que se respecte rigorosamente o tempo dado pola organización para a presentación da tapa ao xurado. Será descalificado o candidato que supere en 10 minutos o tempo previsto. As tapas presentaránse seguindo o orde alfabético do nome do establecemento participante.

**XURADO DE EXPERTOS:** (elixirá aos 6 gañadores). A selección dos 6 gañadores e final do concurso será o día **30 de setembro**. O xurado de expertos **percorrerá os establecementos finalistas** para elixir os 6 gañadores:

- 1º premio de tapa creativa
- 2º premio de tapa creativa
- 1º premio de tapa tradicional
- 2º premio de tapa tradicional.
- Premio á tapa que mellor maride co viño da D.O Ribeira Sacra ou que mellor use ese viño como ingrediente.
- Premio á tapa que mellor use o Xamón como ingrediente principal.

Avisarase oportunamente a cada establecemento, para que teñan a tapa preparada e poidan recibir ao xurado na hora e data indicada. O percorrido farase pola mañá.

**FASES DO CONCURSO:**

**DURACIÓN DO CONCURSO:** do **sábado 9** de setembro ata o **domingo 25** incluídos. Os establecementos inscritos deberán ter expedida ao público a tapa coa que participan. As tapas deberán estar dispoñibles para o público en cantidade suficiente desde as 13:00 ata as 15:30 horas e desde as 20:00 ata as 22:30 horas. Se algún usuario presenta unha reclamación por escrito por non estar dispoñible a tapa, o participante será descalificado.

O prezo da tapa estará comprendido entre 1 e 3 €. O custe-escandallo (custe final) da tapa especificarase nunca ficha técnica para a organización e non superará o P.V.P. da tapa. A organización supervisará que se está procedendo ao cobro da tapa en todos →